

ACTA DE CONSTITUCION E VALORACIÓN DO PROCESO DE CONTRATACIÓN DE **2 TRACTORISTAS DE LIMPEZA DE PRAIAS**

Proceso selectivo: Contratación de **2 TRACTORISTAS DE LIMPEZA DE PRAIAS** mediante a modalidade de contrato laboral temporal para a participación no “**PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA, ANUALIDADE 2012**”, dentro da subvención concedida pola Deputación Provincial de A Coruña.

No Centro Sociocultural-Auditorio Municipal de RIANXO, sendo as 9:30 horas, do día **27 de xuñode 2012**, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para prover DUAS PRAZAS de TRACTORISTAS DE LIMPEZA DE PRAIAS, para a realización do antedito PROGRAMA segundo subvención concedida pola Deputación Provincial de A Coruña, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o programa de limpeza de praias dirixido aos concellos da Provincia. Anualidade 2012 e segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 12 de xuño de 2012 e tribunal aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 369/2012 do 25 de xuño de 2012, coa seguinte composición:

Presidente:

D. Gabriel Bermúdez Piñeiro.

Vocal:

D. Juan Carlos Rey Jueguen.

Vocal - Secretaria:

D^a. Vicenta A. Campaña Martínez.

Pola Presidencia declarase constituído o Tribunal e dase conta dos antecedentes do proceso e fáiselles unha exposición ós aspirantes sobre o desenvolvemento do proceso e os tempos para a súa realización, sendo de 30 minutos para a proba escrita e indicándolle que ás 10,30 horas, realizarase a próba práctica na praia de A Torre, en Taragoña, tendo a mesma carácter eliminatorio, non pasando á fase de entrevista todos aqueles aspirantes que non superen a puntuación mínima de 3 puntos, e iniciando as entrevistas por orde alfabética o remate da proba escrita e práctica, no “Cuartel Vello”.

Seguidamente e sendo ás 9:40 horas, procédese polos aspirantes á realización da proba práctica, dándoselle un tempo de 30 minutos, rematando a mesma ás 10:10 horas, indicándolle que ás 10:30 horas terá lugar na praia de A Torre a proba práctica.

Na praia de A Torre-Taragoña, e sendo ás 10:30 horas da comenzo a proba práctica dos aspirantes, indicándolle novamente que todo aquél que non supere os 3 puntos non pasará á fase de entrevista. Remata a referida proba práctica ás 12:45 horas, indicándolle aos aspirantes aprobados que as 13 horas comenará no local do “Cuartel Vello” a fase de entrevista.

Sendo as 13:00 horas e no local do “Cuartel Vello”, comenzase a entrevista aos candidatos, rematando as mesmas as 12:15 horas.

A continuación procédese polo Tribunal á cualificación da proba de escrita efectuada na antedita hora, á valoración da documentación aportada, da proba práctica realizada na praia de A Torre-Taragoña, e da entrevista realizada no “Cuartel Vello”, atendendo aos criterios de valoración e corrección establecidos nas bases da convocatoria, do que se desprenden os seguintes resultados:



Núm.	Candidato/a	TOTAL
1	GÓMEZ VARELA, VALENTÍN	14,65
2	LORENZO SUÁREZ, JORGE	13,55
3	CARBIA DORELLE, JOSÉ JAIME	13,00
4	VIDAL SOMOZA, MANUEL	12,90
5	VÁZQUEZ CASTELO, ALBERTO	12,80
6	IGLESIAS MARTÍNEZ, MANUEL	12,75
7	CONDE COIRA, JOSÉ	12,40
8	CERQUEIRAS CESPÓN, JUAN JOSÉ	12,30
9	BLANCO ROMERO, EUSEBIO	12,25
10	RONCERO PÉREZ, JOSÉ LUÍS	12,00
11	TORRES ORDÓÑEZ, JUAN JOSÉ	11,90
12	DEIRA RIAL, JOSÉ BENITO	11,25
13	ISORNA VICENTE, ANTONIO	10,45
14	RODRÍGUEZ SUÁREZ, GUILLERMO	10,00

O tribunal propón aos candidatos que figuran na lista por orde de puntuación para as correspondentes contratacións que se realicen.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 15:00 horas do vinteseite de xuño do ano 2012, a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida por tódolos membros do Tribunal.

A presente acta, asinada polos membros do Tribunal será exposta no Taboleiro de anuncios e publicada na web do Concello.